

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN E  
CULTURA CLÁSICA

IES POBRA DO CARAMIÑAL

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles..... PÁXINA 4**
- 2. Avaliación e cualificación.....PÁXINA 8**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).....PÁXINA 9**
- 4. Información e publicidade.....PÁXINA 10**

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 3º de Cultura Clásica**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.
Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.  Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.
Identificar algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas repercusións.	Identifica os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñece personaxes e épocas concretas de cada período.
Recoñecer a importancia do urbanismo clásico, así como as distintas funcións de cada construción.	Explica a evolución das cidades desde o campamento romano á actualidade. É capaz de relacionar cada elemento construtivo coas actividades comerciais, relixiosas, de ocio, etc.
Coñecer e comparar as características da relixiosidade e a relixión grega e romana coas actuais.	Enumera e explica as principais características da relixión grecorromana, poñéndoa en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e romana, establecendo comparacións coas manifestacións relixiosas propias doutras culturas.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 4º ESO de Latín</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Identificar o indoeuropeo como lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias.
Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.  Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.
Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, en especial os máis relevantes para a historia de Roma e os que máis se repiten nas distintas artes.	Sinala características dos deuses olímpicos e de heroes tales como Edipo, Hércules, Rómulo e Remo.
Identificar algúns fitos esenciais na historia de Roma e coñecer as súas repercusións.	Identifica os aspectos máis importantes da historia de Roma e a súa presenza no noso país e recoñece personaxes e épocas concretas de cada período.
Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Define o concepto de declinación e conxugación. É capaz de identificar os 6 casos latinos nas palabras variables.
Recoñecer as funcións sintácticas presentes nas oracións latinas e comparalas coas atopadas nas outras linguas que manexan os alumnos.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 1º Bacharelato

Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación
Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas.
Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.
Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.
Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual, así como a relixión e a mitoloxía.	Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para 2º Bacharelato

Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución coa axuda do dicionario.
Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregarlas nun contexto axeitado.	Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.
Recoñecer os topónimos de orixe latino que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	Identifica a etimoloxía e coñece o significado de topónimos en galego e en castelán.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Valoración da participación nas clases virtuais. Observación sistemática. Valoración por escrito. Recompilación de materiais.
	Instrumentos: a) Participación do alumno en todos os medios telemáticos dispoñibles. b) Entrega de tarefas e cuestionarios propostos pola profesora. c) Probas realizadas presencialmente, se fose posible, ou online.
<b>Cualificación final</b>	A nota final do curso calcularase deste xeito: nota media das dúas primeiras avaliacións e incremento máximo dun 1.5, se todas as tarefas propostas durante o período da 3ª avaliación son entregadas en prazo e posúen contidos, redacción, ortografía e presentación de nivel suficiente a óptimo, segundo o curso. Polo tanto, impedirán obter a puntuación máxima as tarefas enviadas fóra de prazo, tarefas nas que se demostre autoría allea ao propio alumno que a entrega, incompletas e/ou feitas sen rigor.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Versará sobre os contidos da 1ª e 2ª avaliacións e farase mediante unha proba presencial (se foso posible) ou unha proba telemática valorada en 10 puntos. Nos cursos de 1º e 2º de Bacharelato a proba terá unha valoración de 70 % de contidos lingüísticos e un 30 % de contidos teóricos e serán obxecto de exame mesmo os contidos teóricos que quedaron superados nas avaliacións 1ª, 2ª e 3ª.
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	NON HAI ALUMNOS COAS MATERIAS DE LATÍN E/OU CULTURA CLÁSICA PENDENTES



--	--

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Actividades de reforzo e repaso para os alumnos que teñen que recuperar algunha das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>A realización de determinadas tarefas para os cursos 3º e 4º da ESO será obrigatoria para recuperar a 1ª e/ou a 2ª avaliacións. Os contidos, redacción, ortografía e presentación, así como a orixinalidade nas cuestións de tipo resposta libre serán valoradas para a superación da materia.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Faranse públicas as tarefas que poden ou deben realizar mediante o correo electrónico, o teléfono móbil (dada a excepcionalidade das circunstancias) ou Google Classroom.</p> <p>A profesora estará a disposición do alumnado para resolver dúbidas e corrigir exercicios, tanto en sesións fixas previamente establecidas con todo o alumnado, como noutras solicitadas a posteriori individualmente ou en grupo.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Ficheiros, vídeos, apuntamentos no correo electrónico, na Web do instituto, na plataforma Discord e no WhatsApp.</li> <li>. Libro de texto, apuntamentos entregados nas primeiras avaliacións.</li> <li>. Material elaborado polo departamento.</li> <li>. Cuestionarios e probas nas distintas plataformas.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico corporativo do centro, WEB do instituto, plataforma ABALAR, Google Classroom, WhatsApp. No caso de que haxa dificultades cos medios anteriores, poderase establecer contacto telefónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina WEB do centro.

A xefa do Dpto. Isabel Santos  
A Pobra do Caramiñal, 12/05/2020